



ANXELES GONZÁLEZ CRUXEIRAS, Concelleira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte Moción ante o Pleno da Corporación Municipal, en relación co **acondicionamento dos accesos ao CEP de Carreira.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEP Carreira conta con numerosas deficiencias nos seus arredores, así o veñen denunciando os usuarios do mesmo. Son moitas as queixas que chegaron a mans do BNG con respecto a este tema, así podemos falar do peche do recinto, carencia de papeleiras e dunha marquesiña, non existencia de beirarrúas, etc.

Con respecto ao acceso a este centro cabe sinalar a non existencia de beirarrúas que comuniquen o centro coa estrada que une Vilar-Cruce, por onde os nenos residentes no Vilar, en Frións, Mamoá ou no propio Cruce poidan circular sen temor a ser atropelados. Asemade sería de interese que se colocara algún tipo de sinalización viaria, horizontal ou vertical, que indique aos vehículos que se debe reducir a velocidade pola presenza de nenos nas proximidades.

Xa fai tempo que o BNG e os usuarios/as deste colexio están a demandar a colocación dunha marquesiña á beira do recinto onde os nenos/as poidan resgardarse..

De igual xeito, esta instalación educativa non conta co suficiente número de contedores para a recolleita selectiva do lixo.

Cando está a piques de rematar este curso escolar, o BNG considera que é o momento de que o Grupo de Goberno do Concello de Ribeira se poña a traballar para dar solución a estas carencias, así atendería as unhas demandas da veciñanza que son prioritarias e urxentes e que ademais non deberían ter unha difícil solución nin suporían un grande esforzo de custo para as arcas do municipio.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG solicita o apoio da Corporación Municipal para a adopción do seguinte

ACORDO:

Que por parte do Goberno Municipal se proceda a:

- **Arranxar o peche exterior do CEP Carreira**
- **Dotar de beirarrúas os accesos ao colexio.**
- **Colocación dos contedores de lixo necesarios para a recolleita selectiva.**
- **Que se dote dunha marquesiña ao exterior do centro, así como a colocación da sinalización viaria pertinente.**

Ribeira, 13 de xullo de 2010

Asdo.: Anxeles González Cruxeiras

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA